

**DECRETO**

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2021, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención-Tesourería categoría de entrada) publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 114 de 22 de maio de 2021.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, por Decreto da Presidencia de data 24 de xuño de 2021 foi aprobada a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas publicándose segundo o disposto no artigo 10 das bases reguladoras no Taboleiro de anuncios e na páxina web concedéndose aos/ás aspirantes un prazo de 5 días hábiles para a corrección de solicitudes e presentación de reclamacións.

Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, por Decreto da Presidencia de data 27 de agosto de 2021 foi aprobada a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas para a realización da proba tipo test e da proba de galego, nos casos que procedía, e sinalouse a data, hora e lugar da súa realización. Xunta á publicación da lista definitiva, nomeouse a composición do tribunal cualificador, modificado por Decreto da Presidencia de data 03/09/2021, publicándose no Taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez realizadas as probas tipo test e a proba de galego, no caso en que procedía, e verificados os méritos, foron publicados polo tribunal cualificador no Taboleiro de Anuncios e na páxina web as puntuacións provisionais que resultaron das probas e a baremación dos méritos alegados e referidos no artigo 8 das bases; dispoñendo as persoas interesadas dun prazo de dez días hábiles para formular as alegacións que estimasen pertinentes sobre a puntuación obtida.

Visto que transcorreu o prazo previsto para formular alegacións sobre a puntuación obtida na proba tipo test, na proba de galego e, no seu caso, sobre a valoración de méritos, de conformidade co artigo 10.6 das bases reguladoras do presente proceso selectivo, propónse á Presidencia, que en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVA:

1º.- Aprobar, por puntuación, a listaxe definitiva das bolsas para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo das subescalas de Secretaría Intervención, Secretaría categoría de entrada e Intervención-Tesourería categoría de entrada:

Bolsa de Secretaría-Intervención

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	Martínez Arias, Elisa	45,39
2	Cores Vázquez, Montserrat	37,59
3	Ramos Cuba, Jose Miguel	37,08
4	Castro Mosquera, Noé	34,20
5	Graña Lamazares, Tamara	31,10

	IV7F6XJLPRV3JT56CEAHOFYROI	Fecha y Hora	25/10/2021 13:58:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F6XJLPRV3JT56CEAHOFYROI	Página	1/2



6	Armesto Rodríguez, Pablo	27,00
7	Garabal Nieves, Ana	27,00

Bolsa Secretaría Categoría de Entrada

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	Martínez Arias, Elisa	48,39
2	Cores Vázquez, Montserrat	42,99
3	Ramos Cuba, Jose Miguel	40,68
4	Moreira Ferro, Jacobo	31,80

Bolsa Intervención-Tesourería Categoría de Entrada

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	Ramos Cuba, José Miguel	41,28
2	González Rodríguez, Yolanda	40,82
3	Graña Lamazares, Tamara	32,90
4	Garabal Nieves, Ana	30,60

2º.- Convocar aos aspirantes seleccionadas á realización do curso de formación en liña, de 40 horas, previsto nas bases da convocatoria que se celebrará entre os días 2 e 26 de novembro.

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación Provincial de Lugo de conformidade co establecido no artigo 10.6 das bases reguladoras.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe definitiva das bolsas para a selección de persoal interino, os/as aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7F6XJLPRV3JT56CEAHOFYROI	Fecha y Hora	25/10/2021 13:58:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F6XJLPRV3JT56CEAHOFYROI	Página	2/2

